

Tema 2. O Renacemento en Italia. Pintura

A pintura renacentista italiana representa un dos capítulos máis fascinantes da Historia da Arte. Desenvolveuse entre os séculos XV e XVI, revolucionando a concepción da pintura e sentando as bases da arte moderna.

Características da pintura renacentista italiana

A pintura renacentista italiana caracterizouse por:

1. Uso da **perspectiva matemática**: Desenvolvemento da perspectiva lineal para crear profundidade e espazo tridimensional nos cadros, con puntos de fuga ben definidos.
2. **Humanismo**: Representación do ser humano como centro da obra, con gran atención á anatomía e ás emocións.
 1. Estudo da anatomía e das proporcións humanas.
3. **Composición equilibrada**: Uso de esquemas xeométricos (como o triángulo ou pirámide) para organizar os elementos da composición.
4. **Claroescuro e sfumato**: Técnicas para crear volume e transicións suaves entre luz e sombra, como o *sfumato* de Leonardo.
5. **Temática variada**: Ademais de temas relixiosos, inclúense escenas mitolóxicas e retratos que celebran a beleza e a natureza humana.
6. **Uso do óleo**: Substitución do temple polo óleo, permitindo maior riqueza cromática e detalles máis precisos.

Etapas

A súa evolución divídese en tres etapas principais:

Quattrocento (século XV)

Nesta etapa inicial, os artistas centráronse na investigación técnica e formal:

- Introducción do naturalismo e da perspectiva lineal.
- Estudo da luz e da cor para crear volume.
- Composicións máis complexas e narrativas.

Destacan:

- Masaccio: Revolucionou a pintura introducindo o naturalismo e a perspectiva lineal.
- Fra Angelico: Combinaba a tradición gótica coas innovacións renacentistas.
- Piero della Francesca: Destacou polo seu dominio da luz e a perspectiva.

- Sandro Botticelli: Creou obras de gran beleza e lirismo, como "*O nacemento de Venus*".

Cinquecento (principios do século XVI)

Esta etapa representa a madurez do Renacemento. Avánzase nun maior dominio da luz, da cor e do claroscuro. As contornas aparecen máis difuminadas, creando unha maior sensación de volume. No que se refire aos temas, amplíanse, incluíndo mitoloxía, alegorías e temas históricos.

Destacan tres grandes pintores:

Leonardo da Vinci (1452-1519)

- Pioneiro no uso do *sfumato* e o claroscuro.
- Obras mestras: "*A Última Cea*" e "*A Gioconda*".
- Destacou pola súa investigación científica e artística.
- Innovacións: Uso do *sfumato* para transicións suaves entre luz e sombra, profundidade psicolóxica nos retratos.
- **Rafael (1483-1520)**
- Representante do clasicismo renacentista.
- Obras destacadas: "*A Escola de Atenas*" e as "*Madonnas*".
- Logrou unha síntese perfecta entre beleza ideal e naturalismo. Composicións equilibradas, harmonía ideal entre figuras humanas e espazo arquitectónico

Miguel Anxo (1475-1564)

- Dotou as súas figuras de gran forza e expresividade.
- Obra cumio: frescos da Capela Sixtina.
- Influenciado pola filosofía neoplatónica.
- Características:
 1. Monumentalidade e carácter escultórico das figuras.
 2. Expresividade e dinamismo (*terribilità*), a través de posturas complexas e torsións antinaturais, anticipo do Manierismo.
 3. Prioriza o debuxo, mais usa a cor para acentuar volume e tridimensionalidade das figuras. Grandes contrastes de cores.

Manierismo (mediados do século XVI)

Última etapa do Renacemento, caracterizada por:

- Ruptura co equilibrio clásico.
- Figuras alongadas e poses artificiais.
- Cores intensas e contrastadas.

- Composicións máis complexas e dinámicas.
Ademais de Florencia (s. XV) e Roma (s. XVI), outras cidades italianas desenvolveron estilos propios, podéndose falar de escolas rexionais, entre as que destaca Venecia, con Tiziano coma representante principal.

Tiziano (1490-1576)

As principais características da pintura de Tiziano son:

- **Uso da cor e da luz:** emprego de cores vívidas e luminosas, co predomino de tons cálidos (vermello) e uso das veladuras (capas translúcidas de cor) Fai un uso maxistral do claroscuro.
- Pincelada solta e expresiva, co dominio da cor sobre o debuxo.
- Ruptura da perspectiva central tradicional, coa creación de composicións dinámicas e teatrais.
- Moitos temas, destacando os retratos (capacidade para transmitir emocións e estados de ánimo) e as pinturas mitolóxicas.

Legado

A pintura renacentista italiana non só revolucionou a arte do seu tempo, senón que influíu profundamente no desenvolvemento posterior da pintura europea. As súas innovacións técnicas, a busca da beleza ideal e o estudo da natureza sentaron as bases para movementos artísticos futuros, consolidando o seu lugar como un dos períodos máis brillantes da historia da arte.